



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO
DE 25/03/2021

EXPEDIENTE Nº 2021/G003/000191

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art. 80 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de 28 de novembro de 1986 e arts. 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola Secretaria municipal o día 22/03/2021, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do RD 2568/86, do 30 de novembro, e o artigo 3.2 do RD 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. - Convocar a todas as concelleiras e concelleiros membros do concello Pleno á Sesión Ordinaria que terá lugar de xeito **TELEMÁTICO**, o próximo **xoves 25/03/2021 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

- SESIÓN ORDINARIA 25/02/2021

- SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 17/03/2021

2.- DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 162/2021 DE DATA 12/03/2021 DE APROBACIÓN MARCOS ORZAMENTARIOS 2022 A 2024

3.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO 2020

4.- APROBACIÓN REGULAMENTO PUNTO LIMPO CONCELLO DE PONTEDEUME

5.- AXUNTOS URXENCIA

6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.



RUA REAL, 13 - 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F - Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 - FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaria Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

